



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 27/10/2021 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **5º bimestre do 2021**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interperse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/11/2021 e 31/12/2021 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/11/2021. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 27 de outubro de 2021.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3125

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 27/10/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro do 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 27/12/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 27 de outubro de 2021.-O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3126

CARBALLEDO*Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2021 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó terceiro trimestre do exercicio 2021.

O importe total do padrón ascende a dezanove mil catrocentos oitenta e catro euros e setenta céntimos (19.484,70€), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 30 de outubro de 2021 ao 30 de decembro de 2021** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 3º trimestre 2021.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 606

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 13.981,10€; IVE: 1.398,11€; Canon Xunta Cota fixa: 1.518,09€; Canon Xunta Cota Variable: 2.587,40€, Total importe padrón: 19.484,70€.

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 26 de outubro de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3127

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO CUARTO BIMESTRE DO 2021

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2021, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 30-10-2021 ao 13-12-2021. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 29 de outubro de 2021.-O Alcalde, Carlos López López.

R. 3128

MEIRA

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.: 482/2021 DE MODIFICACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DUN/HA FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE.

O señor alcalde con data 14 de outubro de 2021, mediante decreto número 468/2021, resolveu alzar a suspensión da celebración do primeiro exercicio do procedemento selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo deste concello, así como procedu ao nomeamento das persoas que forman parte como membros do tribunal cualificador do devandito procedemento.

Vista a imposibilidade de asistencia do vogal Julio Vázquez Silvarrey, e do seu suplente, Manuel A. Trabado Trabado.

En virtude das atribucións outorgadas pola lexislación vixente en materia de réxime local, este alcalde,

RESOLVE:

Primeiro.-Designar como vogal a Manuel Fernández Fernández (Auxiliar Administrativo do Concello de Castroverde) e suplente a dona M^a. del Carmen Teijeiro Ponderoux (Xefa de negociado de asuntos xerais da Deputación Provincial de Lugo)

Segundo.- Proceder ao nomeamento das seguintes persoas como membros do tribunal cualificador que estará constituído da seguinte forma:

-Presidente: Manuel Carramal Silva (Técnico de Administración Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra), suplente: Mónica Giménez López (Letrada da Deputación Provincial de Lugo).

-Vogais:

-José Ramón Rivas Díaz (Administrativo do Concello de A Pontenova), suplente: José Miguel Veigas Méndez (Xefe de Sección de Dominio Público da Demarcación de Costas de Galicia en A Coruña).

-Manuel Fernández Fernández (Auxiliar Administrativo do Concello de Castroverde), suplente: M^a. del Carmen Teijeiro Ponderoux (Xefa da Negociado de Asuntos Xerais da Deputación Provincial de Lugo).

-Pilar Rozas Alonso (Secretaria accidental do Concello de Meira), suplente: Elisa González López (Adxunta Xefa de Sección de Actas da Deputación Provincial de Lugo).

-Secretaria: Ana Lucía Pardal Peña (Técnico de Información Profesional de Demandantes de Emprego da Deputación Provincial de Lugo), suplente: Jesús Reguera López (Coordinador Xefe II de Apoio e Asuntos Sociais da Deputación Provincial de Lugo).

Terceiro.- Proceder á publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (www.concellodemeira.com)

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal cualificador para o acto de constitución do mesmo que terá lugar o día **19 de novembro de 2021 no Salón de Sesións do Concello de Meira ás 17:00 horas.**

Quinto.-Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Tribunal e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Decreta, manda e asina o señor alcalde do Concello de Meira, do que eu, secretaria interventora accidental, dou fe.

Meira, 28 de outubro de 2021.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez; A secretaria accidental, Pilar Rozas Alonso.

R. 3129

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 25 de outubro do 2021, a ORDENANZA REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES, exponse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 29 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3130

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 25 de outubro do 2021, a ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS, exponse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 29 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3131

MURAS

Anuncio

Aprobación definitiva expediente crédito extraordinario/suplemento de credito

EDICTO

Tendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería 399/2021 e crédito extraordinario/suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería 379/2021 por acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2021 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2021, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

GASTOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	ALTAS	BAIXAS	TOTAIS
	Operacións correntes			
1	GASTOS PERSOAL			514.116,18
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	15.645,00		1.168.045,88
3	GASTOS FINANCEIROS			3.500,00

4	TRANSFERENCIAS CORRENTES			129.710,00
5				
	Total operacións correntes			1.737.308,06
	Operacións de capital			
5	FONDO CONTIENGENCIAS E OUTROS IMPREVISTOS			5.000,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	232.287,66		794.453,02
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS			0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS			0,00
	Total operacións de capital			92.811,94
TOTAL XERAL				2.614.825,08

INGRESOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS	
	Operacións correntes		
1	IMPOSTOS INDIRECTOS		1.141.000,00
2	IMPOSTOS DIRECTOS		2.000,00
3	TAXAS E OUTOS INGRESOS		139.200,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES		547.420,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS		500,00
	Total operacións correntes		1.830.120,00
	Operacións de capital		
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS		0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS		784.705,08
9	PASIVOS FINANCEIROS		0,00
	Total operacións de capital		0,00
TOTAL XERAL			2.614.825,08

Muras, 29 de outubro de 2021.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3132

VILALBA

Anuncio

Faise público que S. Sª a alcaldesa ditou, na data 29/10/2021, os decretos sinalados cos números 684 e 685/2021, respectivamente da designación dos membros da Xunta de Goberno Local e dos tenentes de alcalde, e dos sinalados cos números 686 e 691/2021 das delegacións especiais en favor dos/as concelleiros/as, transcribíndose de seguido o contido de todos eles.

DECRETO de S. Sª a alcaldesa, dona Mª Elba Veleiro Fernández.

Vista a renuncia do concelleiro don Rodrigo Pavón Prieto, da que se tomou coñecemento no Pleno celebrado en sesión ordinaria o día 30/09/2021, e no que tamén se acordou declarar vacante un posto de concelleiro pertencente ó grupo político do partido Socialista, e como consecuencia, o concelleiro electo, don Eduardo Vidal Baamonde, tomou posesión do seu cargo no Pleno celebrado no día de hoxe, 29/10/2021, en sesión extraordinaria urxente.

Visto o art. 23 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no que se dispón que a Xunta de Goberno Local se integra polo alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal deles, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ó Pleno, e o art. 52 do ROF, aprobado polo RD 2568/86, do 28 de novembro, e en uso das atribucións conferidas por estes, RESOLVO:

Primeiro. Que a Xunta de Goberno Local presidida por esta alcaldía estará integrada polos cinco concelleiros que figuran a continuación:

Dña. Marta Mª Rouco Seoane

D. Luis Fernández Álvarez

D. Ignacio Criado Montenegro

D. Xosé Teixeira Pérez

D. Eduardo Vidal Baamonde

Segundo.

2. 1. *Que a Xunta de Goberno Local terá como atribucións as seguintes:*

a) *Asistencia ao alcalde no exercicio das súas funcións.*

b) *As atribucións que delego nesta, na forma en que se dispón no art. 43.2 do ROF e que son:*

b.1) *Das reguladas no artigo 21.1 (letras f, g, h, j, n, o, q, r e s) as que se describen seguidamente.*

Letra f) *Recoñecer todas as obrigas e a aprobación de todos os gastos dentro dos límites que competan ó alcalde así como a ordenación do seu pagamento, coa excepción dos que se indican a continuación: os gastos imputables ó capítulo 1 (nóminas, seguros sociais, ...), gastos de indemnizacións por asistencias a órganos colexiados dos membros da corporación, gastos de indemnizacións por razón do servizo do personal municipal e órganos de goberno, gastos obxecto de domiciliación bancaria (cotas de xuros, amortizacións da débeda municipal, comisións bancarias, outros gastos financeiros imputables ó capítulo 3, ...), asignacións dos grupos políticos e a concesión e aboamento de anticipos de nómina ao persoal municipal, e a concesión e xustificación de subvencións, agás as axudas de emerxencia social.*

Letra g) *Aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.*

Letra h) *Sancións do persoal.*

Letra j) *As aprobacións dos instrumentos do planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

Letra n) *Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.*

Letra o) *A aprobación dos proxectos de obras e dos servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto.*

Letra q) *O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.*

Letra r) *Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello adoptados pola Xunta de Goberno Local.*

Letra s) *As demais que expresamente lle atribúan a leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.*

b.2) *As establecidas na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en concreto:*

As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis milions de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

A competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

b.3) *As que lle atribúa ao alcalde a Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

b.4) *As que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas, asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.*

b.5) *Todas as que lle atribúan as leis.*

2.2. *De conformidade co establecido no art. 115 do ROF, a delegación que se confire neste decreto comprende o coñecemento, instrución e resolución das reclamacións ou recursos de toda índole e natureza, agás o de alzada, que se formulen ou interpoñan polos interesados nos procedementos administrativos, contra os actos definitivos ou de trámite, nos supostos previstos nas leis, ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio das facultades que lles foron delegadas.*

Terceiro.

a) La Junta de Gobierno Local celebrará sesión ordinaria todas las semanas, los lunes, en horario habitual, a las 17:00 h.

b) Sesión constitutiva. La constitución de la Junta de Gobierno Local se celebrará el próximo lunes, día 8/07/2019, a las 16:45 horas (art. 112 del ROF y 46 del texto refundido).

Cuarto. Publicar o presente decreto no BOP e notificar ós designados.

Quinto. Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O que se fai público para os efectos do que se dispón no art. 52.4 do ROF.

Mándao e asínao S. S^a a alcaldesa, do que eu secretaria, Ana M^a Rubiera Álvarez, dou fe.

DECRETO de S. S^a a alcaldesa, dona M^a Elba Veleiro Fernández.

Vista a renuncia do concelleiro don Rodrigo Pavón Prieto, da que se tomou coñecemento no Pleno celebrado en sesión ordinaria o día 30/09/2021, e no que tamén se acordou declarar vacante un posto de concelleiro pertencente ó grupo político do partido Socialista, e como consecuencia, o concelleiro electo, don Eduardo Vidal Baamonde, tomou posesión do seu cargo no Pleno celebrado no día de hoxe, 29/10/2021, en sesión extraordinaria urxente.

En uso das atribucións conferidas polo **art. 46 do ROF**, RESOLVO:

Primeiro. Nomear como **tenentes de alcaldesa** aos seguintes concelleiros:

Primeira tenente de alcaldesa, doña Marta M^a Rouco Seoane

Segundo tenente de alcaldesa, don Eduardo Vidal Baamonde

Terceiro tenente de alcaldesa, don Xosé Teixeira Pérez

Cuarto tenente de alcaldesa, don Luis Fernández Álvarez

Quinto tenente de alcaldesa, don Ignacio Criado Montenegro

Segundo. Publicar o presente decreto no BOP e notificar ós designados.

Terceiro. Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O que se fai público para os efectos do que se dispón no art. 46.1 do ROF.

Mándao e asínao S. S^a a alcaldesa, do que eu secretaria, Ana M^a Rubiera Álvarez, dou fe.

DECRETO de S. S^a a alcaldesa, dona M^a Elba Veleiro Fernández.

Vista a renuncia do concelleiro don Rodrigo Pavón Prieto, da que se tomou coñecemento no Pleno celebrado en sesión ordinaria o día 30/09/2021, e no que tamén se acordou declarar vacante un posto de concelleiro pertencente ó grupo político do partido Socialista, e como consecuencia, o concelleiro electo, don Eduardo Vidal Baamonde, tomou posesión do seu cargo no Pleno celebrado no día de hoxe, 29/10/2021, en sesión extraordinaria urxente.

Ao abeiro e de conformidade coas atribucións conferidas no **art. 43 e seguintes do ROF**, RESOLVO:

Primeiro: Avocar para esta alcaldía todas as delegacións anteriormente realizadas por min, e non atribuídas a través do presente decreto.

Segundo: Realizar, a favor dos/as concelleiros/as que a continuación se sinalan, as delegacións especiais seguintes:

A dona Marta M^a Rouco Seoane: Políticas sociais e réxime interno, Economía e Facenda, e Comercio.

A don Luis Fernández Álvarez: Infraestructuras e Urbanismo.

A dona Vanesa Rut Siso Calvo: Cultura, Comunicación e Igualdade.

A don Ignacio Criado Montenegro: Medio ambiente e rural.

A dona Antía Rama Rivas: Educación, Infancia e Mocidade, e Feiras e Mercados.

A don Xosé Teixeira Pérez: Deportes

A don Eduardo Vidal Baamonde: Réxime Interno, Seguridade cidadá e Servizos.

Tercero: As delegacións especiais, efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Cuarto: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura, e será publicada no BOP. Asimesmo esta resolución será notificada ós/ás interesados(as), facéndolles saber que, de acordo co que dispón o art. 114 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de 3

días hábiles, contados dende a notificación, non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

Quinto: Dar conta ao Pleno na súa primeira sesión.

O que se fai público para os efectos do que se dispón no art. 44.2 do ROF.

Mándao e asíno S. S^a a alcaldesa, do que eu secretaria, Ana M^a Rubiera Álvarez, dou fe.

DECRETO de S. S^a a alcaldesa, dona M^a Elba Veleiro Fernández.

Visto o decreto número 686 ditado pola alcaldía no día de hoxe, 29 de outubro do 2021, mediante o que se resolveu ó nomeamento dos concelleiros e concelleiras nas delegacións especiais, e apreciado un erro material no segundo punto da resolución, pois onde di “*A dona Marta M^a Rouco Seoane: Políticas sociais e réxime interno, Economía e Facenda, e Comercio*”, debe dicir “*A dona Marta M^a Rouco Seoane: Políticas sociais, Economía e Facenda, e Comercio*”, quedando así subsanado o dito erro, e transcribíndose de seguido o seu texto íntegro:

“*Vista a renuncia do concelleiro don Rodrigo Pavón Prieto, da que se tomou coñecemento no Pleno celebrado en sesión ordinaria o día 30/09/2021, e no que tamén se acordou declarar vacante un posto de concelleiro pertencente ó grupo político do partido Socialista, e como consecuencia, o concelleiro electo, don Eduardo Vidal Baamonde, tomou posesión do seu cargo no Pleno celebrado no día de hoxe, 29/10/2021, en sesión extraordinaria urxente.*”

Ao abeiro do disposto e de conformidade coas atribucións conferidas no art. 43 e seguintes do ROF, RESOLVO:

Primeiro: *Avocar para esta alcaldía todas as delegacións anteriormente realizadas por min, e non atribuídas a través do presente decreto.*

Segundo: *Realizar, a favor dos/as concelleiros/as que a continuación se sinalan, as delegacións especiais seguintes:*

A dona Marta M^a Rouco Seoane: Políticas sociais, Economía e Facenda, e Comercio.

A don Luis Fernández Álvarez: Infraestructuras e Urbanismo.

A dona Vanesa Rut Siso Calvo: Cultura, Comunicación e Igualdade.

A don Ignacio Criado Montenegro: Medio ambiente e rural.

A dona Antía Rama Rivas: Educación, Infancia e Mocidade, e Feiras e Mercados.

A don Xosé Teixeira Pérez: Deportes

A don Eduardo Vidal Baamonde: Réxime Interno, Seguridade cidadá e Servizos.

Tercero: *As delegacións especiais, efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

Cuarto: *A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura, e será publicada no BOP. Asimesmo esta resolución será notificada ós/ás interesados(as), facéndolles saber que, de acordo co que dispón o art. 114 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de 3 días hábiles, contados dende a notificación, non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.*

Quinto: *Dar conta ao Pleno na súa primeira sesión.*

O que se fai público para os efectos do que se dispón no art. 44.2 do ROF.”

Mándao e asíno S. S^a a alcaldesa, do que eu secretaria, Ana M^a Rubiera Álvarez, dou fe.

Vilalba, 2 de novembro de 2021.- A alcaldesa. M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 3142

Anuncio

Referencia: Rexistros de intereses concelleiro

Expte. 2459/2019 (Organización municipal)

Faise público, segundo o preceptuado no art. 62 do Regulamento Orgánico Municipal, en relación co art. 61, e nos arts. 75.7 da lei 7/85 e 30 e 31 do ROF, que se formularon por parte do concelleiro da Corporación Municipal deste Concello, don Eduardo Vidal Baamonde, con motivo da súa toma de posesión no Pleno extraordinario urxente celebrada o día 29/10/2021, as **declaracións anuais correspondentes ós rexistros de intereses de bens patrimoniais e de actividades**, acompañadas da liquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas

correspondente ó exercicio 2020, dándose así cumprimento á obriga que, nesta materia, teñen os mencionados cargos electos.

Vilalba, 2 de novembro do 2021.- A alcaldesa. M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 3143
